



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 5. 15 de abril -15 de maio de 2005. Distribución gratuíta.

O BNG saca á luz 805 facturas do Concello sen pagar da última etapa de Pampín

O goberno local aproba os orzamentos para 2005 sen o apoio da oposición

A algo máis de cinco millóns de euros ascende o montante total do orzamento melidense para o presente exercicio, uns seiscientos mil euros menos que en 2004. Entre todas as partidas de gastos e ingresos, destaca o capítulo de investimentos reais, que este ano leva a cantidade máis baixa dos últimos cinco exercicios, non chegando ao 14% do total.

Por outra parte, dentro do capítulo de gastos destacan os de limpeza das dependencias municipais, que aumentaron uns 88.000 euros con respecto ao ano pasado. Ademais, o grupo municipal do BNG fixo pública, tralo pleno de orzamentos, a existencia de facturas que debe o Concello a empresas de Melide por un valor total de máis de 850.000 euros.

P. 4 e 5

O Tribunal falla a favor dos traballadores de Celta Prix

A empresa deberá cumprir o acordo asinado en novembro, tras 18 días de folga, que implica un aumento de soldo de 100 euros mensuais por empregado e o pago dun plus de convenio de 300 euros.

P. 11



Veciños de Loño e Beigondo continúan a loita por solucionar o problema do paso

O encoro de Portodemouros segue a ser un tema de preocupación para os veciños afectados. Depois da loita colectiva dos anos setenta que motivou a instalación do barco que une as parroquias de Loño e Beigondo, continúan os problemas debido á tonelaxe de carga da embarcación. P. 12, 13 e 20.

O Valedor arquiva a denuncia contra a radio municipal

Un informe achegado pola alcaldía foi suficiente para que o Valedor do Pobo arquive a queixa do BNG contra Radio Melide. Segundo Vázquez Sandes, "non se observan irregularidades administrativas" no funcionamento da emisora.

P. 7

Cinema en ASETEM nas noites dos venres

A asociación ecoloxista Curuxás organiza un visionado de tres películas en pantalla grande no local social de ASETEM, arredor das 23 horas.

Día 15. Blade Runner
Día 22. Touro Salvaxe
Día 29. Nove Reinas P. 17

Editorial

Faite oír coa nosa voz

No ano 1.989, un grupo de empresarios de Melide decidiron unirse para crear a Asociación de Empresarios, que no seu comezo agruparía a non moitos asociados por ser un feito novidoso, pero que co tempo, iría gañando tanto en número de empresas socias como en calidade e variedade de servizos.

A directiva actual de ASETEM leva xa tres anos traballando polo tecido empresarial da comarca e, desde que comezamos ata agora, foron moitos os logros acadados en todos os sentidos. Non é intención nosa gabarnos destas melloras, xa que son sempre mérito de todos os socios, sen os cales nada sería posible. Pero si consideramos oportuno informar á cidadanía, deste foro de opinión, do traballo realizado desde esta asociación nos últimos tres anos.

En primeiro lugar, e como logro máis importante, aumentamos o número de asociados nun 40% e comparamos un novo local social, de todos e para todos os empresarios asociados. Estas circunstancias fixeron posibles as demais actividades.

Pasamos a formar parte, en 2.002, da Federación

Galega de Comercio e da Confederación de Autónomos de A Coruña, coas vantaxes que isto supón para os socios, relacionadas coa defensa xurídica, facilitación de subvencións, etc.

Ademais, debido a este traballo en conxunto, estamos autorizados para impartir cursos gratuítos para empresarios ou traballadores no noso local, así como para outorgar o Diploma de Manipulador de Alimentos, imprescindible para o sector da hostaleiría. Dentro de ASETEM, temos constituídas xa dúas comisións sectoriais que se ocupan dos problemas que atinxen ao seu ámbito de actuación: a Comisión da Construcción e a Comisión do Polígono Industrial. Esta última, recén constituída, loita por conseguir as necesarias melloras do Parque Empresarial da Madanela, precario desde a súa creación. Ademais, temos xa en proxecto novas comisións, de tal maneira que o tecido industrial da comarca quede amparado na súa totalidade.

Por outra parte, desde ASETEM témonos dedicado tamén a temáticas que, non sendo estritamente empresariais,

inflúen sobremaneira no futuro económico da Terra de Melide.

Reinvindicamos a instalación dunha depuradora que sanea as augas do Furelos (que, segundo Medio Ambiente, estará funcionando a finais deste ano), advertimos da perigosidade da curva de Furelos (onde instalaron xa bandas sonoras), e fomos dos primeiros en reivindicar o paso da Autovía Santiago-Lugo por Melide. Primeiro en solitario, cando ía pasar por Teixeiro, e logo dentro da Plataforma, cando o trazado aprobado polas institucións rodeando Melide a 15 quilómetros non nos pareceu o máis apropiado para o futuro da vila e, sobre todo, do seu polígono industrial.

Como último logro, pero no por iso menos importante, fomos capaces de editar, desde decembro de 2004, o xornal que están a ler, con noticias empresariais e comarcais, libre e independente, e que vai xa polo seu número 5.

Todo isto non sería posible sen o apoio dos socios e da sociedade melidense en xeral.

Por todos estes motivos, vaia desde aquí o noso máis profundo agradecemento.

Tribuna de opinión

Melide en crakc técnico

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Se miramos a Melide como unha empresa máis xestionada polo goberno local, as portas do cruce central de camiños terían que pechar. Está claro que se en calquera outro lugar tivesen estes xestores xa os terían botado hai moito tempo.

Desde ASETEM, moitos tivemos que aguantar difamacións e outras cousas peores por facer denuncias reais. Pero o tempo dá e quita razóns, e o que foi tan ingrato labor de denunciar cómo se estaban facendo as cousas e cómo se estaba vendendo a vila, convértese agora en satisfactorio ao ver como empezan a saír á luz as verdades, os verdadeiros estragos realizados nestes anos desde a Praza do Convento.

O máximo responsable de todo isto, como en calquera outro organismo, é o director ou presidente, neste caso, o ex-alcalde declarado inimigo público número un de Melide, don Miguel Pampín Rúa. Por ser a cabeza visible da corporación naquel momento, ten que asumir toda a responsabilidade. Sen embargo, non quero tam-

pouco quitarlle a culpabilidade ás demais persoas que o rodeaban, moitas delas en activo na actualidade dentro do goberno local. Nas súas doses correspondentes, todos son responsables desde o momento en que non viron (ou viron e deixaron pasar) as desfeitas que se estaban a facer con Melide.

Agora todos sufrimos as consecuencias, e moi especialmente, os empresarios, que de poder pasar a cotizar ben na bolsa, non cotizamos nin na nosa vila, unha vila hipotecada e en crack técnico cunha capacidade nula para facer investimentos que poidan mellorar a situación. A economía empresarial resíntese, e con ela, Melide enteiro.

Por iso, gustárame dicirlle aos agora responsables do noso futuro, aos gobernantes locais que teñen que xestionar esta vila e a súa hipoteca, que o fagan como poidan, pero que é xa hora de que deixen de mirar PARA o pobo e pasen a mirar POR o pobo. Sen máis, doulle as gracias ao señor Pampín e aos demais responsables deste desastre.

Cerne Terra de Melide

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓN: Xosé Domingos Fuciños Gómez, Vanessa Martínez Iglesias, Ángel Curtis, David Barrio, Emilio Ares, José Antonio Rodríguez, PSOE e BNG de Melide

AGRADECIMENTOS: Jorge Sangiao, M^o Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

Un Plan Xeral con boas intencións

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE

O pasado día 1 de abril, o PSdG de Melide, xunto con outros colectivos, asistimos a unha reunión coa alcaldía e a empresa Monteoliva Arquitectura S.L., que ten a encomenda de elaborar o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Desde a executiva municipal transmitíase o desexo de recabar a maior das participacións dos axentes sociais melidense na elaboración do Plan Xeral. As suxerencias e propostas dos distintos colectivos, ao

parecer, van a ser observadas ou atendidas en tanto en canto respecten a legalidade vixente; e incluídas, se cabe, no Plan Xeral.

Os asistentes a reunión esperaban que se fixese un esbozo do que pretende ser o Plan Xeral, pois non é preciso que os axentes sociais lle digan ao equipo técnico do Concello cáles son os atrancos das normas subsidiarias do 94 -suponse que xa os coñecen- e, con independencia de que se poidan facer

suxerencias ao Plan Xeral, o normal é que quen ten os medios e os coñecementos diga qué é o que pretende facer, e sobre deso, saian as suxerencias. Lembar que dos centos de alegacións feitas ás normas subsidiarias no ano 94, non foi atendida ningunha, por iso se dubida das boas intencións participativas e transparentes que se fan dende a alcaldía.

Como dí o refrán, "obras son amores y no buenas razones".

Espazo reservado para o Partido Popular

O dereito a saber a verdade

GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE MELIDE

No BNG estamos satisfeitos ao ver que o noso traballo na oposición serve para algo e dá os seus froitos. Pensamos que é deber do noso grupo ter informado ao pobo de Melide, explicar o que pasa dentro da Casa do Concello, vixiar e fiscalizar o traballo do equipo de goberno, denunciar as irregularidades e esixir solucións aos moitos problemas que xorden na vida diaria. Para o BNG, os melidenses teñen o dereito de saber o que fan e o que deixan de facer os seus políticos, teñen o dereito a coñecer a verdade.

É nesta actitude que o BNG mantén como líder da oposición na que habería que

enmarcar a publicación dos datos referentes ás débedas do Concello. O pobo de Melide tiña o dereito de coñecer as facturas sen pagar e que ascenden a 858.865 €, é dicir, 143 millóns de ptas., e tamén débese saber que o noso Concello ten unha débeda bancaria de 1,5 millóns de €. Estamos seguros de que máis dunha persoa levou as mans á cabeza ao saber que Miguel Pampín dimitiu do seu cargo deixando sen pagar 805 facturas dos anos 2002 e 2003. Isto non só afecta seriamente á economía do noso Concello, que ve hipotecada a súa capacidade inversora, senón tamén ás contas de moitos negocios de

Melide, que teñen que agardar incluso anos para cobrar. Pero, ¿como é posible que non se pague unha factura de 3,60 euros, e outras catro de 3,86, dende o ano 2003? Iso é moi forte, e debería avergonzar os nosos gobernantes locais.

Dende o BNG queremos dicir que foron moitas as persoas e negocios de Melide que se dirixiron a nós para agradecer nosos datos. Nós tamén queremos agradecer esa confianza e ese apoio ao noso grupo. Só cumprimos co deber para o que nos elixiron: traballar polo pobo, decubrir a verdade e informar. Nin máis nin menos.



FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Silvia
Novias

**Novia- Madrina-
Comunión- Fiesta**

Ronda de Pontevedra
48, Bajo. 15800 Melide
(A Coruña)
Telf y fax: 981 507174
E-mail:
silvianovias@yahoo.es

Menos do 14% dos 5.000.000 de euros de montante cos que conta o Concello vai ir destinado a investimentos en Melide

O goberno local aproba os orzamentos para 2005 co investimento máis baixo dos últimos cinco anos

Os orzamentos municipais para o presente ano foron aprobados en pleno extraordinario o pasado día 21 de marzo cos votos a favor do PP, aínda que tanto o BNG coma o PSOE votaron en contra. O montante total co que contan as arcas municipais para gastos e ingresos ascende a 5.052.523 euros, uns 600.000 menos que no pasado exercicio. Segundo o goberno, este descenso "responde a un intento de levar a cabo unha política de contención de gastos". Os dous grupos da oposición destacaron este ano a caída na partida de investimentos reais.

Redacción
Melide

706.089 euros do orzamento de 2005 van destinados á realización de investimentos no municipio. En total, un 13,97% do total, a cantidade máis baixa dos últimos cinco anos. Desta cifra, as arcas municipais achegan con fondos propios 305.500 euros, que se van investir na compra de terreos para a instalación da nova depuradora, reparacións e mantemento do Concello, en investimentos en edificios e na compra dunha furgoneta, así como na segunda fase de construción do Centro Sociocultural comezado o ano pasado. O resto corresponde á Deputación Provincial dentro da partida para o Plan de Obras e Servizos (POS), destinada



O pleno extraordinario de orzamentos tivo lugar o pasado 21 de marzo

este ano á pavimentación de varias vías do concello. Tanto o grupo socialista como o nacionalista consideran escasa esta cantidade nos investimentos para

Melide. En concreto, ao BNG parécelle "inadmisíble" e insta ao grupo de goberno a reducir o número de traballadores do Concello e, polo tanto, os

gastos de persoal, que supoñen un 34,16% do orzamento.

A este respecto, a alcaldesa Ánxeles Vázquez quixo lembrar os diversos inves-

timentos que vai facer este ano en Melide a Xunta de Galicia, entre eles o da instalación da nova depuradora de augas, que ascende a algo máis de dous millóns de euros. Segundo Vázquez, estas partidas poderíanse ter incluído no orzamento "pero prefiro que se leve desde outras administracións e non desde a local". Polo tanto, "os investimentos poderían ser maiores pero non me deu a min a gana", sentenciou a alcaldesa referíndose á posibilidade non realizada de levar á partida orzamentaria os investimentos da administración autonómica.

Ánxeles Vázquez defendeu o primeiro orzamento na súa etapa como alcaldesa co argumento de que é "íntegramente real".

Aumentan os ingresos debido á suba dalgúns impostos e taxas

222.224 euros máis que o ano pasado

O BNG critica que este aumento non revirta nun maior investimento real

Redacción
Melide

A suba dalgúns impostos municipais e a aprobación de novas taxas permiten que os ingresos por esta vía pasen de 2.220.405 euros no ano 2004 a 2.442.629 euros no presente exercicio. É dicir, que o Concello vai ingresar uns 220.000 euros máis en impostos que o ano pasado. A suma da recadación destes impostos supón o 48,34% do total dos ingresos deste ano, e o resto vén dado por

outros capítulos orzamentarios como as transferencias correntes e os ingresos patrimoniais.

A voceira nacionalista, Soqui Cea, reprochou ao goberno local o feito de que este aumento nos ingresos non revirta nun maior investimento para Melide, senón que, pola contra, éste sexa o máis baixo dos últimos cinco anos. Para o BNG, esta dinámica "vai xerar a medio prazo un forte desequilibrio orzamentario".

PRINCIPAIS IMPOSTOS QUE SUBIRON

- IBI Urbana
- IVTM (Imposto sobre vehículos de tracción mecánica)
- Recollida do lixo

NOVAS TAXAS

- Expedición de documentos
- Expedición de licenzas urbanísticas
- Ordenanza de animais perigosos

88.000 euros máis en limpeza que en 2004

O cambio de empresa vén acompañado dun aumento considerable do gasto

Redacción
Melide

Un dos incrementos máis significativos no capítulo de gastos do orzamento 2005 é o de limpeza das dependencias municipais (non recollida de lixo). Desde que hai algo máis dun ano cambiara a empresa concesionaria deste servizo, as partidas económicas para pagar estes gastos aumentaron considerablemente.

En total, os gastos de limpeza de 2004 sumaron 197.000 euros, mentres

que este ano chegan a 285.000 euros. É dicir, hai unha diferenza duns 88.000 euros dun ano para outro.

Como exemplo, destaca a partida de limpeza da Escola Infantil, que en 2003 era de 902 euros e este ano é de 16.300.

O BNG melidense pediu explicacións ao goberno local por este aumento no pleno, onde non recibiu contestación. Por isto, o pasado 5 de abril rexistraron un escrito "pedindo aclaracións" ao respecto.

Estes traballadores aumentaron a partida do ano pasado en case 340.000 euros, pero este ano só se reduce en 311.000

A ausencia da Escola Obradoiro este ano e dos seus 41 empregados fai diminuír o gasto de persoal

A partida orzamentaria de gastos de persoal (Capítulo I do documento) diminúe neste exercicio en 310.984 euros. Esta baixada foi loubada polo Partido Socialista no pleno de orzamentos, pero non polo BNG. A voceira deste grupo, Soqui Cea, considera que o "o aforro non é tal" porque este ano hai 41 traballadores menos que en 2004, que son os que se ocupaban da Escola Obradoiro, non activa na actualidade. A alcaldesa, pola súa parte, afirmou que "se hai unha morea" -de traballadores- "é porque intentamos facelo ben".

Redacción
Melide

Os gastos de persoal para este ano 2005 supoñen un 34,16% do total do orzamento. A cifra destinada aos traballadores do Concello ascende a 1.726.000 euros, o que supón unha diminución con respecto a 2004 de case 311.000 euros.

Sen embargo, o grupo do BNG observou no pleno do 21 de marzo que a diminución desta partida non se pode considerar un aforro, senón un aumento do gasto nun 2%.

A voceira nacionalista, Soqui Cea, explica esta apreciación con datos do orzamento de 2004: se os traballadores da Escola



Os concelleiros da oposición votaron en contra dos orzamentos para 2005

Obradoiro) debería terse reducido, como mínimo, na mesma cantidade. Sen embargo, a redución é só de 311.000 euros. Por isto,

para o BNG, estes 29.000 euros de diferenza supoñen un aumento dun 2% na partida de gastos de persoal con respecto a 2004, e

non unha diminución.

De todos os xeitos, o grupo nacionalista considera "preocupante que non se reduzan os gastos de

persoal" (34,16%) "naméntas só o 13,97% se dedica a investimentos reais".

O BNG quixo destacar tamén o aumento no número de traballadores do Concello: de 76 que había en 2001 aos 100 que hai actualmente.

A este respecto, a rexedora Ánxeles Vázquez, quixo rachar unha lanza a favor do cadro de persoal municipal asegurando que "intentamos ter o persoal acorde cos servizos". Neste sentido, o informe da interventora dí textualmente que "a proporción de persoal laboral temporal é excesiva...". A alcaldesa tamén está dacordo co BNG en que o número de traballadores é elevado, pero asegura que "se hai unha morea é porque intentamos facelo ben".

Miguel Pampín deixou o Concello con 805 facturas sen pagar

Corresponden aos anos 2002 e 2003 e suman unha débeda de máis de 850.000 euros (uns 143 millóns das antigas pesetas)

Redacción
Melide

Ánxeles Vázquez recoñeceu estas obrigas en varias Xuntas de Goberno do pasado exercicio 2004. 805 facturas por valor de 858.865 euros que o anterior rexedor Miguel Pampín deixou sen pagar tras dimitir do seu cargo hai agora un ano (o 15 de maio de 2004). Entre elas, por exemplo, existían facturas de luz (do alumeadado público e as escolas) por valor de 128.000 euros, que motivaron a celebra-

ción dun pleno extraordinario en decembro para establecer unha partida urxente para pagalas.

Toda a información en documentos públicos

O BNG melidense chegou a ser coñecedor desta información tras solicitar formalmente á alcaldía as actas das Xuntas de Goberno, que se celebran cada xoves no Concello. Aínda que con retraso, as actas de 2004 chegaron ás mans da oposición e foron os nacionalistas os encargados de denunciar a

situación.

Agora, desde o BNG queren coñecer toda a información referente a esta débeda municipal, é dicir, se existen máis facturas sen pagar e sen recoñecer pola alcaldía, cáles foron pagadas xa, e con cargo a qué partidas do orzamento municipal. Por isto, presentaron formalmente un escrito no Concello o pasado 2 de abril. Nel existen tamén "un rigoroso control do gasto para comenza a sanear as arcas municipais".

A débeda bancaria ascende 1,5 millóns

Ademais das facturas, o Concello ten dous préstamos e un crédito que aumentan o deber

Redacción
Melide

A economía en negativo das arcas municipais de Melide non pasa só polas facturas sen pagar que deixou o ex-alcalde. Ademais, como en moitos outros Concellos, Melide conta con varias débedas bancarias que ascenden a 1.516.612 euros.

Dous destas débedas son préstamos solicitados ao Banco de Crédito Local. O primeiro deles concertouse en agosto de 2003, por 20 anos e por valor de 781.156 euros.

O segundo pediuse en xullo de 2004; 270.455 euros a pagar en 15 anos. Estes contan con dous anos de carencia e, polo tanto, non se empezarán a amortizar ata 2006. (Ata o de agora só se pagaron os intereses).

Ademais, existe un terceiro deber. Un crédito con Caixa Galicia concertado en xullo do ano pasado por valor de 465.000 euros.

Se a isto sumamos as facturas sen pagar de Pampín, sae un total de 2.375.477 euros de saldo negativo.

O Concello comprométese a colocar as placas co nome das rúas durante este ano

Existen na vila algunhas rúas que non teñen placa identificativa por diversos motivos

Redacción
Melide

O BNG de Melide conseguiu no pasado pleno ordinario do 17 de marzo que o grupo de goberno aprobara unha das oito mocións que presentaron. Desde ese día, existe un compromiso municipal para colocar nalgúnhas rúas melidenses as placas que as identifican, xa que, como denunciaba o BNG no escrito da moción, a falta de placas “ocasiona problemas no reparto do correo e molestias á veciñanza”. Os nacionalistas puxeron como exemplos da carencia as rúas Campos, Mestre Nilo Cea, rúa Vigo, Crego Xosé Manuel Pampín, Rúa Tagarros, Travesía Campo Grande e rúa Mejuto Cordido, entre outras.



O equipo de goberno asegurou no pleno que durante o transcurso de 2005 sería subsanado este problema e se colocarían as placas pertinentes.

Un novo rueiro

Ademais, aceptaron tamén a proposta do BNG de elaborar un novo rueiro de Melide, para o que será

necesario aínda pór nome a certas rúas que non o teñen.

A alcaldesa, Ánxeles Vázquez, anunciou aos concelleiros da oposición que contaría coa súa opinión para levar a cabo a nova nomenclatura, aínda que non estableceu datas concretas para isto.

O PP non acepta a presenza do BNG nin do PSOE no tribunal de oposicións

O goberno local rexeitou a solicitude de participación dos nacionalistas e asegurou que “as oposicións van se claras e transparentes”

Redacción
Melide

Os nacionalistas solicitaron a súa participación no tribunal de oposicións -para cinco novas prazas de persoal laboral do Concello- mediante unha moción debatida en pleno ordinario. Os socialistas apoiaron a proposta do BNG de incluír un concelleiro de cada grupo no tribunal e advertiron que, de non ser aceptada, “consideraremos que se queren ocultar cousas”.

O grupo do PP, pola súa parte, rexeitou a moción impedindo incluso a participación “con voz pero sen voto” que pedía o BNG como último recurso, e instou aos grupos da

oposición a denunciar ante un xuíz calquera irregularidade que detecten. “É ademais a vosa obriga”, engadiu a alcaldesa Ánxeles Vázquez, quen tamén asegurou que “as oposicións van ser claras e transparentes”. A voceira do PP, Pilar Sánchez, argumentou esta afirmación lembrando que o número de técnicos no tribunal “debe superar con creces al número de políticos”.

Deste xeito, o BNG volve ver rexeitada, ao igual que nas oposicións do ano pasado con Miguel Pampín como rexedor, a súa solicitude de participar no tribunal das probas.

O goberno municipal arranxará a rúa Codeseira, pero non establece prazos para facelo

Unha moción do BNG solicitaba o remate das beirarrúas durante o transcurso de 2005

Redacción
Melide

Ánxeles Vázquez comprometeuse ante o pleno da corporación a rematar as obras das beirarrúas da Codeseira, pero puntualizou que existen outras obras “prioritarias”, e puxo como exemplo a construción de beirarrúas ata o Ribeiro “por perigo de atropelos”. O BNG, sen embargo, considera a obra da Codeseira prioritaria debido a que, segundo a voceira nacionalista Soqui Cea, é unha obra comezada hai xa cinco anos e que



Estado actual dun tramo das beirarrúas da Codeseira

está aínda por rematar. A alcaldesa, pola parte, asegurou que serían

arranxadas pero non quixo comprometer ningún prazo para realizar a obra.

Rexeitada a proposta do BNG de destinar unha mensualidade ao Sueste asiático

O PP votou en contra da moción asegurando que foron os primeiros en colaborar coas vítimas a través de Radio Melide

Redacción
Melide

Os nacionalistas propuxeron ante o pleno que cada grupo político destinara unha mensualidade ás vítimas do tsumani do Sueste asiático. Aínda que o PSOE apoiou a moción, os votos en contra do grupo de goberno rexeitaron a proposta do BNG porque, segundo a alcaldesa, “non ten razón de ser”. A voceira do PP, Pilar

Vázquez, argumentou o rexeitamento asegurando que “el grupo popular ya hizo su aportación” a través do programa especial que, a este respecto, emitiu Radio Melide no mes de xaneiro.

Aínda que a voceira nacionalista, Soqui Cea, se interesou pola cantidade achegada, o grupo de goberno dixo non recordar o importe exacto.

Os melidenses poden chegar ideas para o PXOM

O Concello vainas recoller durante todo o mes de maio

Redacción
Melide

Axentes sociais de Melide reuníronse coa corporación municipal e con técnicos da empresa redactora do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) o pasado 1 de abril.

ASETEM, sindicatos, Fundación Terra de Melide e varios constructores asisitiron á xuntanza, na que se lles informou de que a empresa encargada está nestes momentos na fase de recabación de documentación e que contan con telo elaborado para a súa aprobación inicial a finais deste ano.

O goberno municipal propuxo a habilitación de todo o mes de maio para que calquera persoa ou grupo social interesado achegara as súas propostas ao Concello para que poidan ser tidas en conta polos técnicos da empresa redactora: Monteoliva Arquitectura S.L.

Ata o momento, e mentres non estea elaborado e aprobado o PXOM, a normativa que rexe a ordenación municipal melidense vén dada polas "Normas Subsidiarias", de 1994.

As propostas de ASETEM

Trala xuntanza informativa no Concello, a Asociación de Empresarios Terra de Melide reuniu á Comisión da Construcción para tratar con eles o tema do PXOM e das propostas que chegarán aos técnicos para a súa elaboración. Finalmente decidiron a contratación dun arquitecto urbanista para que, de maneira profesional, elabore un avance coas liñas mestras polas que, ao seu entender, deberá guiarse o PXOM de Melide. Unha vez elaborado este "borrador", ASETEM convocará a todos os socios da construción e ao público interesado para que poidan chegar as súas ideas.

Por outra parte, ASETEM ten a intención que solicitar unha entrevista cos técnicos da empresa redactora do proxecto.

Unha vez recompiladas todas as ideas e elaboradas correctamente, a Asociación presentaraas no Concello, durante o mes de maio, como propostas concretas para o PXOM definitivo.

O Valedor do Pobo arquiva a queixa contra Radio Melide

Considera que "non se observan irregularidades administrativas" baseándose nun iforme achegado pola alcaldía


Redacción
Melide

O BNG de Melide, que interpuxera a queixa o pasado 14 de xaneiro, vai recorrer a decisión do Valedor do Pobo por considerar "inaceptable que á vista dun informe municipal tan pobre e sen aportación de probas se poida archivar o caso".

O máximo representante do organismo, José Ramón Vázquez Sandes, considera que "á vista da información recibida da alcaldía, non se observan irregularidades administrativas que fagan aconsellable continuar a investigación" e, polo tanto, decide archivar a queixa interposta polo BNG, na que acusaba á emisora municipal de ser un medio "exclusivo e partidista" do goberno local.

A voceira nacionalista, Soqui Cea, considera que o informe da alcaldía é incompleto porque "só fai referencia a dúas das sete queixas presentadas" e porque ademais "non aporta ninunha proba que demostre o contrario do que afirma o BNG".

Por todo isto, os nacionalistas teñen intención de reclamar nos próximos días ante o Valedor.



José Ramón Vázquez Sandes é o actual Valedor do Pobo

A alcaldesa asegura que "teñen cabida todas as opinións"

O informe que a alcaldía achegou ao Valedor do Pobo debido á queixa presentada polo BNG consta de cinco puntos.

No primeiro deles, afirma-se que se está a estudar o xeito de xestión da radio municipal "na actualidade". No segundo, asegúrase que en Radio Melide "teñen cabida todas as opinións" e que a queixa do BNG é "unha opinión subxectiva".

O terceiro e o cuarto punto actúan a modo de probas de que a parcialidade da que se acusa á emisora non é tal. O informe adxunta escritos de noticias relacionadas coa Deputación e mesmo a da visita do número un do BNG Anxo

Quintana a Melide, que a alcaldesa asegura que se leron "no seu momento" a través das ondas.

Por último, no punto quinto, Ánxeles Vázquez lembra ao Valedor a súa experiencia na emisora, na que "comezou a súa singladura profesional".

Pola súa parte, o BNG observa que o informe non di nada sobre varias das queixas presentadas, como a de que nunca saía a voz da oposición, que non se emitan debates plenarios nin mocións ou que non se constituíra o Consello de Emisión.

O Valedor, sen embargo, considerou suficiente este informe para archivar a queixa do BNG.

Muebles PAULA

EL CENTRO DEL MUEBLE
EN EL CENTRO DE GALICIA

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 MELIDE (A Coruña)

centro comercial
ares
Pórtico do Cerullo, 33 • 15507 • Melide (A Coruña)
Tel.: 981505031
www.centrocomercialares.com

Un reto
hacia el
futuro.

Gracias por vuestra confianza.



Especialistas en Pinturas
Servicio Multicolor en estropeina.

Cultura adxudica 100.000 euros máis para as obras do Centro Sociocultural

Dos 390.000 euros previstos para esta actuación, pásase a 490.000

Redacción
Melide

A Consellería de Cultura acordou no Consello da Xunta do pasado 7 de abril a ampliación do orzamento para o Auditorio de Melide en 100.000 euros. O departamento rexido por Pérez Varela, que financia integramente a segunda fase desta obra, vai achegar un total de 490.000 euros en catro fases anuais.

O pasado exercicio 2004 foron consignados os primeiros 40.000 euros. Este ano achegará 150.000. 160.000 en 2006, e outros 140.000 en 2007, ano no que está prevista a finalización da obra.

A remodelación da antiga Casa da Cultura comezaba



A obra supón un investimento total de 1 millón de euros

a súa primeira fase no ano 2002, cun orzamento de 535.493 euros.

A segunda fase, na que se atopa actualmente, iniciábase en setembro de 2004 cunha previsión de investimento de 390.000 euros,

pero Cultura acaba de incrementalos ata 490.000. En total, o financiamento ascende a algo máis de un millón de euros.

O futuro Centro, previsto para 2007, terá un aforo para 450 persoas.

O IES celebra o ano da física con varias conferencias

Tres destacados expertos contaron aos alumnos a súa visión da materia

Redacción
Melide

Para conmemorar o "Ano Mundial da Física" no que nos atopamos, o Instituto de Educación Secundaria de Melide organizou a intervención ante os alumnos de tres expertos na materia.

O 30 de marzo abriu o ciclo o actual Xefe de Servizo da Consellería de Medio Ambiente, Jaime Barros, que actualmente é un dos encargados do Programa de localización xeográfica IDE-RIMAX.

Antonio Rivas visitou o IES unha semana despois e, desde a óptica do seu cargo actual de Subdirector Xeral de Ordenación Educativa da Consellería de Educación,



Un grupo de alumnos atenden á conferencia de Rivas

expuxo un discurso titulado "Por qué me gusta tanto a física".

Por último, o pasado 14 de abril, pechou o ciclo de conferencias Ramón Cid Manzano. Científico e

investigador, director e coordinador de varios proxectos relacionados coa física, achegou aos alumnos unha visión do CERN (Centro Europeo de Investigación Nuclear).

Opinión

Cerne

DAVID BARRIO SESTO. SINDICALISTA

Cando saíu á luz o primeiro número deste xornal, o primeiro que pensei foi que voltaría a pasar o mesmo que con outras iniciativas deste tipo. Unha idea marabillosa pero que, en pouco tempo, se desvanecería. E ao tempo me remito, pois experiencias deste tipo neste Concello xurdiron moitas, pero ningunha perdurou. Nalgún caso por desidia, noutro por cansazo, e na maioría, por falta de recursos económicos para o seu financiamento.

Desde aquí, a miña felicitación á iniciativa e ao equipo de redacción, e a quen fai posible esta edición mensual.

Levo dicindo hai moito tempo que era necesaria unha iniciativa deste tipo, ben a través dun xornal, televisión local ou radio. Algúen que poida dar información veraz e libre das cousas que non aparecen nos xornais grandes nin nas grandes cadeas de televisión pero que, ao fin e ao cabo, son esas noticias tan importantes e tan cercanas a nós. As cousas das nosas aldeas, dos nosos políticos, etc.

Información libre e non manipulada, como estamos a recibir de follas parroquiais que editan Concellos ou radios municipais que, máis que radios, parecen tocadiscos do alcalde de turno, manexadas, manipuladas e que só deixan expresar o interese e o sentir dunhas determinadas persoas.

Os veciños desta comarca, pero sobre todo, as persoas que temos un pensamento libre, debemos loitar para que este xornal, non só non morra, senón

que sexa un xornal grande.

Esta comarca segue estando agónica en democracia e en liberdade de pensamento e de expresión. Aínda que pareza unha esaxeración, en pleno século XXI, a xente desta terra segue tendo medo a dicir o que pensa. Incluso, ás veces, ten medo a pensar.

É triste ver como na radio municipal, pagada por todos os cidadáns, non se permite a libre expresión da xente que non comulga coa liña política deste goberno. Estes inquisidores da expresión e opresores do pensamento libre teñen medo a este tipo de publicacións libres, amosando o seu rexeitamento, meramente infantil, dunha forma de expresión. Así o fixeron con este xornal, que cando viron que non era da súa corrente, deixaron incluso de mandar artigos de opinión.

A diferenza está en que, mentres eles na súa radio (radio que debía ser de todos) non deixan que se exprese ningúen, neste xornal déuselle a posibilidade de que expresaran as súas ideas reservándolles unha columna, a cal deixaron en branco na pasada edición e nesta. Parten daquel principio escuro que dí que "quien no me adora, me odia", ¡que mentalidade tan pobre, que pobreza tan grande para este pobo estar dirixido por esta xente!

Por eso, este xornal Cerne, mentres sexa libre, independente e democrático, todos debemos apoialo por ser, hoxe por hoxe, a única expresión libre e escrita desta comarca.

Aprobado o I Plan de Igualdade de Oportunidades

Paliar as diferenzas entre xéneros é o obxectivo deste programa, vixente ata 2008

Redacción
Melide

“Acabar coas desigualdades que persisten e conseguir a implicación de amplos sectores da sociedade melidense”. Esta é a finalidade principal do I Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres do Concello de Melide. Aprobado por unanimidade no pleno municipal do 21 de marzo, este programa ten unha vixencia de tres anos (ata 2008) e supón a realización de diversas actuacións atendendo a nove áreas de traballo:

- Cooperación, participación sociopolítica e asociacionismo.
 - Información, sensibilización e medios de comunicación.
 - Educación en igualdade.
 - Formación e emprego.
 - Conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
 - Cultura, ocio e deporte.
 - Mulleres e desenvolvemento sostible: medioambiente.
 - Urbanismo.
 - Saúde.
 - Violencia contra as mulleres.
- A maior parte das actua-

cións pasan pola realización de campañas de sensibilización en cada unha das áreas de traballo, de modo que os sectores sociais afectados (empresas, medios de comunicación, institucións, centros educativos,...) acheguen tamén os seu compromiso de concienciar á sociedade da necesidade de evitar calquera tipo de discriminación por razón de xénero. O documento que recolle o Plan observa que “o cambio de valores dunha sociedade non é fácil, nin se consegue da noite para a mañá”. Por isto, dentro das accións a realizar, unha das máis importantes é a de “informar, mentalizar, sensibilizar”. O programa vai ser revisado e avaliado cada seis meses por unha comisión de traballo, que está formada pola concelleira de Servizos Sociais, representantes de grupos políticos e tamén polo equipo do Centro municipal de Información á Muller. O financiamento deste Plan é compartido entre diversos organismos públicos como o Concello, a Xunta e a Deputación.

Melide terá pronto Rexistro de Parellas de Feito

Os gays e lesbianas poderán formalizar a súa relación e terán no Concello a mesma consideración que os matrimonios

Redacción
Melide

O pleno da corporación municipal aprobou por unanimidade o regulamento dun Rexistro de Parellas de Feito para Melide o pasado 21 de marzo.

Trala súa publicación no BOP e o prazo pertinente de exposición pública, entrará en vigor arredor do verán, e suporá unha nova opción para que as parellas de todo tipo formalicen a súa relación á marxe do matrimonio.

No regulamento aprobado polo pleno establécese expresamente que “con independencia da súa orientación sexual” todas as parellas que cumpran unha serie de requisitos formais e que vivan en Melide poden inscribirse neste Rexistro Municipal. As vantaxes para quenes decidan dar este paso están no ámbito competencial municipal. É dicir, para calquera xestión no Concello de Melide, as parellas inscritas “terán a mesma consideración xurídica e administrativa que as unións matrimoniais”. Ademais, este Rexistro non terá carácter público.



Imaxes como ésta son aínda pouco comúns en Melide

Requisitos para a inscrición

- Ser maior de idade ou menor emancipado e non ter sido declarado incapacitado.
- Non estar ligado por vínculo matrimonial.
- Non estar inscrito como membro doutra unión matrimonial non cancelada.
- Ter a súa residencia habitual e figurar empadroadado no Concello de Melide.
- Non ter relación de parentesco por consanguinidade ou adopción en liña recta ou en liña colateral por consanguinidade ou adopción ata o segundo grao.

Causas da extinción da unión

- De común acordo.
- Vontade unilateral dun dos membros da parella logo da audiencia do outro.
- A morte ou declaración de falecemento dalgún dos seus membros.
- Separación de feito de máis dun ano.
- Matrimonio dalgún dos membros.

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

Ahora en Melide

The Academy

**Ofrecemos clases de Inglés,
lengua, ciencias y técnicas
de estudio.**

**Visite nos en Avda. Toques e Friol 43
Teléfono - 981 50 74 61**

**Joyería
Oro Ley**

Taller Propio

**Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A CORUÑA) Telf.: 981505468**

Villar pide fondos á Xunta para o saneamento de Chorén

O alcalde de Santiso afirma que o conselleiro de Medio Ambiente amosouse disposto a acometer a obra



O alcalde solicitou unha partida de 119.000 euros

Redacción
Santiso

O rexedor santisense, Ramón Villar, reuniuse o pasado 30 de marzo en Santiago co conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro. O alcalde deixou nas dependencias de San Caetano a solicitude de case 119.000 euros para levar a cabo as obras de saneamento de

Chorén (parroquia de Barazón), un dos lugares máis poboados de Santiso. O orzamento inclúe a instalación dunha nova depuradora de augas e de todo o sistema de saneamento. Segundo Ramón Villar, o conselleiro amosouse disposto a achegar o orzamento solicitado e correr

así cos gastos da obra, pero a confirmación oficial está previsto que chegue ao Concello de Santiso a finais de maio.

Unha actuación amplamente discutida

O saneamento de Chorén é unha das obras estrela dos últimos tempos nas xestións do Concello de Santiso. Estando todos os concelleiros dacordo na necesidade de levalas a cabo, houbo numerosos enfrontamentos entre goberno local e oposición referidos ao lugar no que se ía instalar a depuradora de augas. Os veciños propietarios dos terreos sinalados pola administración tardaron meses en aceptar a venda ao Concello da parcela necesaria pero, finalmente, tras varias reunións veciñais co alcalde, o terreo está xa dispoñible para o comezo das obras.

Dous recursos de reposición sen resolver non impediron a realización dun exame de selección de persoal

Os demandantes consideran que o baremo de puntuación favorece a unha persoa concreta e que os membros do tribunal non son os axeitados

Redacción
Santiso

O pasado 16 de marzo celebrouse no Concello de Santiso o concurso para acceder á praza fixa de Traballadora Social. Sen embargo, sobre esta convocatoria publicada no BOP en outubro de 2004 pesan dous recursos de reposición que non foron resolto polo Concello.

Un deles foi interposto polo Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social de Galicia en novembro do pasado ano. Nel alegan que as bases da

convocatoria “vulneran o principio de igualdade, de mérito e capacidade” dado que o baremo de valoración dos aspirantes á praza outorga ata un 48% de puntuación a persoas que tiveran traballado en municipios de poboación “inferiores a 2.500 habitantes”, e non ás que teñan experiencia noutro tipo de Concellos ou administracións. Ademais, valóranse tamén outras aptitudes coas que o demandante considera que “estamos ante un baremo de méritos específico e abertamente

discriminatorio”.

O segundo recurso de reposición foi interposto polo concelleiro independente Ovidio Leiva, quen alega que dous membros do tribunal cualificador “non só carecen de titulación senón que nalgún caso de formación académica algunha”.

Dada a non resolución destes recursos, e a posibilidade de recorrer ante o xulgado a decisión que tome o Concello, Leiva cre que as probas celebradas “poderían adolecer dun vicio de nulidade”

As brigadas ambientais traballan este mes en Toques e Sobrado

Colaboran nas actividades da piscifactoría de Sobrado e de varios montes toqueses

Redacción
Terra de Melide

As brigadas do Distrito Ambiental III da Consellería de Medio Ambiente levan a cabo varias actividades na comarca durante o mes de abril.

Están a participar nos traballos de mellora da riqueza piscícola de Galicia colaborando nas actividades da piscifactoría de Sobrado dos Monxes. Ademais, están a desbrozar tamén agúns coutos de pesca en Furelos (Toques). Por outra parte, estes equipos medioambientais tamén van realizar diversos traballos silvícolas repoboando montes veciñais toqueses.

A este respecto, hai que ter en conta que as brigadas actúan exclusivamente en montes de xestión pública e naqueles nos que os seus propietarios encargan a súa xestión á Consellería de Medio Ambiente a través dun convenio.

Segundo o departamento autonómico rexido por Xosé Manuel Barreiro, estas actuacións “promoven unha correcta ordenación dos montes galegos e avogan pola posta en valor dos importantes recursos forestais cos que conta Galicia”.

As brigadas do Distrito Ambiental III traballan na extinción e prevención de incendios e na conservación da riqueza forestal.

Os Concellos da comarca participan no proxecto “Muller XXI”

Melide, Santiso, Toques e Sobrado van recibir fondos da Deputación coruñesa

Redacción
Terra de Melide

O proxecto “Muller XXI” da Deputación ten como obxectivo o de “conseguir a incorporación da muller ao mundo laboral sen abandonar a familia”.

Para isto, 33 Concellos entre os que están os catro da bisbarra Terra de Melide, levarán unha parte dos 1,2 millóns de euros que costa o proxecto (que conta con financiación europea a través do programa EQUAL). A selección dos municipios, segundo a deputada provincial Margarida Vázquez, fíxose co obxectivo de chegar aos concellos que nunca tiveron experiencias no contexto

da iniciativa EQUAL, e “nos que é máis complicado conquistar a conciliación laboral coa familiar”. Vaise desenvolver en tres fases. Comezando por a análise da situación e o diagnóstico, pasarase logo ás iniciativas de formación, para o que se van crear tres empresas piloto de catering, lavandería e coidado de nenos. Despois, desenvólverase un obradoiro de iniciativas empresariais.

E a última fase está enfocada á realización dun estudo no que se avaliarán as actuacións concretas e a súa eficacia para chegar ós obxectivos do proxecto.

A xustiza dá a razón aos traballadores de Celta Prix

A empresa deberá pagar 300 euros a cada empregado e cumprir o convenio acordado entre as partes despois da folga

Redacción
Melide

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) fallou a favor do sindicato demandante UXT no conflito contra a empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo en Melide, Santiso e Sobrado. Con esta sentenza datada en 28 de marzo, ante a que só cabe recurso de casación, o Alto Tribunal obriga a Celta Prix a aplicar o mesmo convenio a estes traballadores que aos de Chantada, tal e como asinaron no acordo que puxera fin á folga de finais de ano.

O convenio de Chantada implica unha suba de soldos de 100 euros a cada traballador e tamén o pago dun plus de convenio de 300 euros como lineal, é dicir, que só cobrarán unha vez. Ademais, esta suba aplicarase desde o 1 de novembro de 2004 (data acordada entre as partes en decembro) e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006 (final da validez do convenio de Chantada).

O delegado de UXT en Melide, David Barrio, cualifica a sentenza como "o triunfo da razón e dos traballadores".

UXT esixe a intervención dos alcaldes

O sindicato representante dos empregados de Celta Prix, UXT, espera que a empresa acate a decisión do TSXG "sen necesidade de que os traballadores teñan que volver ao xulgado para pedir a execución da sentenza".

A este respecto, solicitan desde o órgano sindical que "os alcaldes afectados esixan a aplicación da sen-



Un empregado de Celta Prix no Cantón de San Roque

Un conflito que dura xa máis de tres meses

O pasado 8 de decembro, empresa e traballadores, coa mediación de UXT, puñan fin a 18 días de folga de recollida do lixo en Melide, Santiso e Sobrado, así como noutros dez concellos das provincias de A Coruña e Lugo. Para isto, as partes asinaban un acordo polo cal a empresa, entre outras cousas, comprometíase a aplicar aos traballadores destes concellos o convenio de Chantada (con 100 euros de suba media por traballador e o pago dun plus de 300 euros). Sen embargo, dous meses despois, UXT denunciaba a Celta Prix por incumplimento deste acordo.

tenza e fagan cumprir a legalidade vixente". Ademais, esixen a súa intervención para "pór fin á permanente conflictividade que está a crear a empresa de forma gratuita".

O voceiro de UXT na comarca, David Barrio, destaca neste sentido a actuación que a alcaldesa de Melide, Ánxeles

Primeiro, o escenario da demanda foi a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia, onde houbo un acto de conciliación o 11 de febreiro no que os representantes da empresa negáronse a negociar.

Por isto, catro días despois UXT presentou a demanda no TSXG. Finalmente, este Tribunal deu a razón aos demandantes e así o recolle a sentenza do pasado 28 de marzo.

Agora, sen embargo, o uxtista David Barrio dubida da intención de Celta Prix de acatar a sentenza do TSXG e insta aos rexedores dos Concellos a mediar neste sentido.

Vázquez, realizou neste conflito. Para Barrio, Vázquez "puido intentar resolver o problema pero non moveu un só dedo". O sindicalista asegura que a alcaldesa prometeu apoio aos traballadores nunha reunión a principios deste ano, pero que "só fixo política barata" xa que, en palabras de Barrio, "non se preocupou para nada".

Opinión

Ano 2005 Despois de Cristo

DAVID BARRIO SESTO. SINDICALISTA DA UXT

Como ben lembraredes, desde o pasado 22 de outubro ata o 8 de novembro, desenvolveuse unha folga no servizo de limpeza e recollida de lixo en varios Concellos, entre eles os de Melide, Santiso e Sobrado dos Monxes.

Mentres os salarios que a empresa Celta Prix pagaba aos traballadores da recollida do lixo era RIDÍCULO, dita empresa ten uns beneficios en Melide e Santiso que case triplican o coste do soldo dos empregados. Este beneficio esaxerado é patrimonio e herdanza do anterior alcalde Miguel Pampín, que fixo a concesión deste servizo alá polo ano 94.

O día 8 de novembro, e despois de 18 días de folga, asinase un acordo laboral onde se fixan uns salarios para o ano 2004, 2005 e 2006. Pero atopámonos coa sorpresa de que a empresa, pasados dous meses, non cumpre o acordado, véndose os traballadores na obriga de presentar denuncia por incumprimento contractual ante o Tribunal Superior de Xustiza, dándolle dito tribunal a razón na súa totalidade.

Quero destacar a importancia e a repercusión psicolóxica que trouxo e traerá, para a clase traballadora desta comarca, esta folga e a sentenza da máis alta instancia da xudicatura galega.

Primeiro: por primeira vez na historia deste pobo, uns traballadores do sector servizos (empresa) pónense en folga contra un patrón explotador.

Segundo: a presión exercida por políticos (concelleiros do equipo de gober-

no), caciques de turno e outros poderes fácticos melidenses durante a folga, fixo que tiveramos que escoitar frases como: "ides ir todos á calle", "quenes mandamos e cortamos o bacalao somos nós", "facédelle caso ao sindicato que despois veremos onde comedes"... Tantas e tantas cousas coa única intención de meterlles medo. E o máis grave, todo para que non loitaran polos seus salarios e polo pan dos seus fillos. Foron 18 días de inferno, de calvario e de incompreensión, en moitos casos, incluso dentro do propio grupo.

Por outra banda, nun conflito aberto, unhas veces se gaña e outras se perde. Teño que recoñecer que, no meu caso, como asesor e máximo responsable sindical neste conflito, tamén foron días duros, posto que, o que estaban esperando moitos é que se perdera este caso para acusarme de levar á ruína a 24 pais de familia.

A pesar de todo, coa unión de todos os traballadores, conseguimos o obxectivo proposto ao inicio do conflito.

Ao final triunfou a razón, pero sobre todo, esta loita valeu para demostralle a todos os traballadores que, mediante a unión e a perda do medo a protestar e a esixir os nosos dereitos, conseguimos os nosos obxectivos. Nada, dentro do movemento obreiro desta comarca, volverá ser igual. Os traballadores da Terra de Melide saímos por primeira vez á rúa a manifestarnos. Fomos a unha folga e gañamos. Perdemos o medo. Ano 2005.

A capacidade de carga do barco reduciuse 10 toneladas, impedindo o transporte de útiles agrícolas pesados

A polémica sobre o encoro de Portodemouros continúa 43 anos despois

O programa de "Aproveitamento integral do Río Ulla", a tenor do que Fenosa (antigamente Moncabril) construíu e está a construír varios encoros neste cauce, comezou xa na década dos sesenta. Un dos primeiros encoros materializados pola empresa eléctrica foi o de Portodemouros, xusto no límite das provincias de A Coruña e

Pontevedra, ligadas neste punto polas parroquias de Beigondo (Santiso) e Loño (Vila de Cruces). A ponte que unía estes dous lugares quedou sepultada polas auga encoradas do Ulla e aí comezou unha polémica que perdura ata o día de hoxe, no que existe unha Asociación de Afectados que está a loitar por acadar solucións para os veciños.


Ledicia Trillo
Redacción

Os Antecedentes

Todo comezaba hai agora 43 anos, cando en 1962, o goberno franquista aprobou o proxecto de "Aproveitamento integral do Río Ulla", co cal a empresa eléctrica entón chamada Moncabril dispúxose a construír varios encoros ao longo da conca deste río. Neste proxecto existen unha serie de condicións a cumprir pola empresa, entre elas, a número 18, que obriga a deixar "a salvo el derecho de propiedad con la obligación de conservar o substituír las servidumbres existentes".

O encoro de Portodemouros, entre Santiso e Vila de Cruces, foi o primeiro que construíron. Os 195 metros de alto da infraestrutura provocou que algunhas terras, casas e tamén unha ponte que unía as dúas parroquias divididas polo río (Beigondo e Loño) quedarán cubertas pola auga. A desaparición desta ponte impedía o paso dos veciños dun lugar a outro, e moitos tiñan terras de labradío ao outro lado do cauce, parentes e outros intereses individuais. Ademais, a eliminación do paso obrigaba aos vehículos e persoas a ter que facer unha circumbalación de 30 quilómetros para acceder a un territorio que sempre tiveran ao lado.

Os veciños afectados comezaron as súas protestas e, en 1968, o Ministerio de Obras Públicas formula unha orde pola cal obriga á



O río Ulla conta con numerosos encoros, e Fenosa proxecta construír algúns máis



O barco navega continuamente sobre a enorme lagoa artificial creada pola presa

empresa eléctrica a cumprir a citada condición número 18.

A chegada do barco

É entón cando desde a administración propónse como solución a de pór a disposición dos veciños un barco que, con servizo 24 horas totalmente gratuito, leve os pasaxeiros e a súa carga dun lado ao outro do encoro.

Aínda que aos veciños non lles gusta a idea (eles avogan pola construción dunha nova ponte), o barco empeza a funcionar no 1975 regulado por unha Orde Ministerial na que se establecen as súas dimensións (12 metros de eslora), motor (65 CV) e carga (15 toneladas métricas).

Aínda que os veciños seguiron coas súas protestas e chegaron incluso a organizar manifestacións e peches nos anos setenta, que provocaron detencións e horas no cárcere dalgúns persoas, o barco funciona desde entón e ata hoxe mesmo.

De 15 a 5 toneladas

Pero cando os veciños xa parecían acostumarse á solución do barco, en 2001 e sen dar explicacións, o tamén chamado ferry reduce a súa capacidade de carga das 15 Tm que versa o proxecto do Ministerio ata 5 Tm. Deste xeito, os agricultores que traballan terras do outro lado xa non poden pasar tractores ou outros útiles agrícolas pesados, os gandeiros non poden pasar con moitas vacas, etc...

Isto provoca de novo malestar entre os usuarios e o comezo, unha vez máis, das protestas.

A Consellería de Medio Ambiente dá a razón á Asociación de Veciños Afectados

Nestes momentos existe un proxecto de ampliación do barco para permitir as 15 toneladas de carga. A Asociación seguirá loitando para conseguir novas melloras e, incluso, a construción dunha ponte que enlace as dúas beiras

Ledicia Trillo
Redacción

Os primeiros pasos

Despois de intentalo de maneira individual sen éxito, un grupo de veciños de Santiso e Vila de Cruces decidiron asociarse para conseguir unha solución válida ao problema de paso entre as dúas beiras do encoro.

Crearon así, no ano 2002, a Asociación de Afectados polo encoro de Portodemouros e, como grupo, comezaron as xestións.

En primeiro lugar, levaron a cabo unha actividade de investigación documental e conseguiron todas as normativas, leis, ordes ministeriais, etc, que tiñan que ver coa presa. E despois, decidiron comezar por solicitar o apoio das institucións máis próximas: os Concellos de Santiso e Vila de Cruces.

O alcalde santisense, Ramón Villar, deulles a razón e prestouse tamén a colaborar ata onde lle fose posible. Sen embargo, a resposta do rexedor de Cruces, Jesús Otero, non foi tan satisfactoria. Segundo o voceiro da Asociación, José Luís Carril, este alcalde “nunca se preocupou por nada”.

Unha vez tiveron todos os datos precisos na man, entre os que estaba a normativa ministerial de 1975 que establece que o barco debe ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas e permitir así o paso de “vehículos, carros, persoas e animais”, decidiron acudir á delegación de Fenosa en Ourense para expor o seu problema e buscar alí solucións. Sen embargo, o proceso non foi fácil.



O barco está dispoñible as 24 horas e custodiado sempre por dous barqueiros

De Fenosa a Medio Ambiente

Nunha primeira visita a Ourense, a empresa eléctrica aseguraba que estaba a cumprir correctamente a normativa, e que a diminución de 15 a 5 toneladas de carga no barco estaba dentro da legalidade.

A segunda vez, Fenosa utilizou un novo argumento para a súa defensa, pero pouco sostible. Segundo conta o voceiro da Asociación José Luís Carril, encargados da empresa aseguraron ao colectivo que as 15 toneladas de peso das que fala a normativa do 75 son “Toneladas Morson”. Sen embargo, os membros da asociación só precisaron dun par de chamadas telefónicas para saber que este tipo de toneladas utilízanse na linguaxe da navegación pero como medida de volume, e non de peso (1 tonelada Morson equivale a 100 pés³, é dicir, a 2,83 m³).

A Asociación de Veciños Afectados acudiu unha terceira vez ás dependencias de Fenosa. Nesta ocasión, a empresa xustificou a redución de tonelaxe amosándolles o

“Certificado de navegación” do barco, un documento no que viñan estipuladas, efectivamente, as 5 toneladas métricas de carga. Pero, unha vez máis, o colectivo veciñal atopou resposta a este obstáculo, xa que este certificado de navegación é unha norma subsidiaria á Orde Ministerial do 75, que prevalece sobre ela.

O paso á Consellería

Vendo poucas expectativas de solución no trato directo coa empresa eléctrica, os membros da Asociación decidiron probar sorte noutras dependencias e acudiron á Consellería de Medio Ambiente.

Alí, o titular Xosé Manuel Barreiro, concedulles unha

entrevista a finais do ano pasado. Pondo enriba da mesa toda a documentación, Barreiro deulles finalmente a razón, segundo conta Carril, e amosouse disposto a actuar para por solución ao problema.

A primeira solución

Un mes despois, en xaneiro deste mesmo ano, o organismo competente da Consellería (Dirección Xeral de xestión do dominio público hidráulico) púxose en contacto coa Asociación para comunicarlle que Fenosa estaba xa informada da obriga de habilitar o barco para 15 Tm de carga e para o paso de vehículos, carros, persoas e animais, tal e como establece a normativa.

É por isto polo que, nestes momentos, a empresa dispónse a acometer obras de reparación e ampliación do barco para que poida transportar a carga estipulada.

Un conflito con máis de corenta anos

“É un negocio ao que os veciños aportamos terras e moitas máis cousas, pero que non nos compensou para nada”. Son palabras do voceiro da Asociación de Afectados, José Luís Carril, referidas ao sempre polémico encoro de Portodemouros.

Aínda que entre os asociados conseguiron solucionar o problema da carga do barco, Carril recoñece que esta medida “é un remendo, a solución do paso dun lado a outro sería unha ponte”. Unha ponte que xa pedían os veciños cando se construíu a presa e sepultou o paso que existía, en 1968.

O barco que funciona hoxe como substituto da ponte, conta cun número de usuarios bastante significativo: fai unha media de quince viaxes diarias no inverno e tres veces máis no verán, segundo conta un dos barqueiros.

Ademais, o voceiro da Asociación de Afectados recoñece tamén que o avance da tecnoloxía fai que a maquinaria agrícola sexa cada vez máis sofisticada e, moitas veces, máis pesada. Polo tanto, observa Carril, “ao mellor, co paso dos anos, as 15 toneladas de carga fanse insuficientes”.

Por todo isto, e aínda que recoñecen que enfrontarse a unha grande empresa como Fenosa é moi difícil, a Asociación de Afectados polo encoro de Portodemouros vai seguir existindo e vai seguir loitando por acadar mellores solucións para todos.

Terraza de verán e produtos acuñados co nome da Fundación son as últimas novidades deste establecemento

A Fundación Enxebre avanza no seu “proxecto integral de hostaleiría” en Melide

Empezou como disco-pub en 1990 e, en quince anos, converteuse nun dos establecementos de hostaleiría con máis variedade de servizos de Melide. De 100 a 600 metros cadrados distribuídos en cinco espazos nos que a oferta de ocio e entretemento chega a todos os públicos.

Redacción
Melide

A óptima relación calidade-prezo en todos os servizos é a máxima á que aspira o dono da Fundación Enxebre, Jaime Álvarez. Para el, “foi vital comezar no mundo da noite para logo afrontar correctamente o día”. Así, en 1997 o disco-pub Fundación transformouse nun local de hostaleiría dotado dos máis variados servizos.

A cafetería e a cervexería

Especialistas en infusións e en café de importación, o ambiente diurno de cafetería pretende satisfacer os clientes máis esixentes. O mesmo ocorre coa cervexería, única en Melide na que poderemos beber cervexa Estrella Galicia de bodega.



A zona da cervexería con frases nos cristais, escritas polos clientes

A Farándula

Baixo este epígrafe chegan á Fundación Enxebre, cada

dúas semanas, artistas de gremios diferentes que presentan os seus espectá-

culos no local. Como destacados, últimamente os clientes puideron ver aos

contacontos Carlos Blanco e Ricardo de Barreiro, ou unha actuación de cabaret con música en directo.

E, nos próximos días, poderemos escoitar as historias de Kiko Cadaval ou gozar do espectáculo músico-satírico dos Magical Brothers (co actor Luís Tosar).

Pero ademais, os diferentes espazos da Fundación contan sempre con exposicións variadas (agora mesmo a do pintor “El Chano”) e con escaparates de venda de produtos do “Comercio Xusto”, que Jaime Álvarez define como “unha alternativa de consumo sostible e responsable”, en solidariedade cos países máis desfavorecidos, e que “está funcionando moi ben”.

“É necesaria unha unión de todo o sector”

Jaime Álvarez ve a hostaleiría de Melide nun momento “clave e precario”

Redacción
Melide

O dono da Fundación Enxebre, Jaime Álvarez, leva máis de quince anos traballando no sector da hostaleiría, e está convencido de que a “unión do sector” e a boa comunicación entre todos son necesarias para prosperar e para pasar este “momento clave e precario” da hostaleiría e do comercio en xeral de Melide.

Para el é básico que toda a cadea de servizos da vila funcione ben e non só os establecementos de hostaleiría. “Se alguén vén aquí a comprar un pantalón,

tamén vai tomar un café”. Por outra banda, Álvarez defende a competencia “de calidade entre negocios”, xa que “se un ten mil persoas, eu podo coller dez, pero sen non ten ningunha eu tampouco collo ningunha...”, pero recoñece que en Melide existe algunha competencia menos desexable. Para el, a formación e a profesionalización do sector hostaleiro son necesarios hoxe en día para ofrecer un bo servizo e para “estar en Europa”. En definitiva, Jaime pensa que “é conveniente que todos funcionemos de maneira solidaria”.

Ocio, cultura e novas tecnoloxías ao servizo do cliente

Cursos de internet no ciber, fútbolín, billar, xogos de mesa, exposicións...
Todo agás o aburrimiento

Redacción
Melide

Unha pequena sala acolle cinco ordenadores para os máis afeccionados ao divertimento interactivo. Ademais, esta tecnoloxía aprovéitase periódicamente para dar clases de internet a todos os que aínda non se atreveron a navegar polo ciberespazo sen monitor...

E para os máis tradicionais, a sala de ocio conta, polo momento, con fútbolíns e billares, pero pronto poderemos ver unha pequena evolución deste espazo. De momento, non se pode dicir cal...



Uns dos fútbolíns do espazo de xogos

A terraza de verán
Agora que chega o bó tempo, a Fundación habilita un espazo de terraza, con grella para churrasco,

e perfecta para reunións de amigos. Pagando un alugueiro, os interesados poden dispor dela sen que ningún os moleste...

Un total de trinta alumnos acuden cada noite ao local da Asociación para recibiren as clases, impartidas por profesionais

ASETEM acolle nestes días dous cursos de formación gratuítos

“Prevención de Riscos Laborais” e “Organización Comercial e Técnicas de Venda”. Son os títulos dos cursos que durante este período se están a impartir no local da Asociación de Empresarios Terra de Melide. Ademais, o segundo entra como novidade, xa que é a primeira

vez que se imparte na vila.

Por outra parte, o pasado 4 de abril tivo lugar en ASETEM a segunda clase do ano para obter o Diploma de Manipulador de Alimentos. A seguinte tanda será o próximo 4 de xullo.

Redacción
Melide

Organización Comercial e Técnicas de Venda

Desde o 18 de abril ata mediados de maio, os quince alumnos terán corenta horas para aprender a maneira máis profesional de xestionar e realizar unha venda. Está organizado pola Consellería de Emprego e pola Confederación de Empresarios de A Coruña e busca, principalmente, reflectir as grandes posibilidades de mellora no proceso de venda comercial alcanzables mediante a formación, revisión e aplicación de técnicas de venda.

Totalmente gratuíto, está destinado principalmente a empresarios ou empregados do sector do comercio. Dentro do temario, contéplanse puntos como “o trato ao cliente”, “frases a utilizar e a evitar”, “elementos de marketing” ou “as actitudes do cliente”. Todo isto para alcanzar varios obxectivos, entre os que está, por exemplo, o de “desenvolver unha mentalidade comercial”. Os profesores encargados de impartir as clases contan cunha ampla experiencia neste ámbito e na docencia deste tipo de cursos.

Teoría e práctica

Ademais, durante os últimos días de clase, os alumnos van ter a oportunidade de realizaren unha campaña de marketing; un exercicio práctico completo, co seu correspondente estudo de mercado, execución e exposición do mesmo.



Alumnos de Prevención de Riscos Laborais

Prevención de Riscos Laborais

O pasado día 4 de abril, tiña lugar a primeira sesión deste clásico en ASETEM. O curso de Prevención de Riscos Laborais, un dos máis demandados na actualidade en todos os sectores empresariais, está a impartir gratuítamente en ASETEM durante estes días.

Ao igual que o anterior, está xestionado pola Consellería de Emprego e a Confederación de Empresarios, e como obxectivo xeral ten o de promover os comportamentos seguros e a correcta utilización dos equipos de traballo, e fomentar o interese e a cooperación dos traballadores na acción preventiva.

Son cincuenta horas nas que quince alumnos están a aprender cousas como o “marco normativo básico en materia de prevención de riscos laborais”, “planos de emerxencia e evacuación” ou “a carga de traballo, a fatiga e a insatisfacción laboral”.

Impartido polo especialista Javier Núñez, as clases teñen un espazo reservado para os riscos específicos do sector no que traballa cada alumno, e finalizan nos últimos días de abril cunhas horas dedicadas á aprendizaxe de primeiros auxilios.

Deste xeito, preténdese que os participantes volvan ao traballo tras adquiriren “os fundamentos das técnicas de mellora das condicións de traballo”.

Diploma de Manipulador de Alimentos

Os traballadores e empresarios do sector da hostelería poden conseguir o seu imprescindible

Diploma de Manipulador de Alimentos en ASETEM. Cada tres meses, a bióloga Carmen Valiño

imparte un cursiño de catro horas para a obtención deste documento. O próximo será o 4 de xullo.



O último cursiño tivo lugar o pasado 4 de abril

ASETEM anula o curso de Condución por problemas administrativos co Concello

A institución municipal requería a documentación correspondente á realización dunha proba deportiva, algo que, segundo a empresa encargada do curso, nunca tiña sucedido

Redacción
Melide

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), que se dispoñía a organizar un curso de "Técnicas de Condución en Condicións Adversas" durante a pasada Semana Santa, decidiu finalmente non levalo a cabo debido, segundo informan desde o colectivo, "a impedimentos e trabas por parte do Concello de Melide".

A realización do curso estaba prevista para os días 24 e 25 de marzo, tendo como localización as rúas do polígono industrial.

Os problemas comezaron cando a Asociación orga-



Tras varias reunións, a directiva optou pola anulación

nizadora (ASETEM) solicitou ao Concello o permiso necesario para utilizar as vías do parque empresarial. A Concellería de Cultura, competente neste caso, interpretou que a rea-

lización deste curso debía aterse á lexislación aplicada no caso de eventos deportivos e, polo tanto, solicitou a ASETEM unha documentación relativa a seguros de responsabilidade

de civil, tanto da Asociación como da empresa coruñesa que ía impartir o curso: PTC Escuela.

O 22 de febreiro, ASETEM enviou ás dependencias municipais toda a documentación que é comunmente requirida, segundo a empresa PTC, para realizar o curso pero, con data 1 de marzo, a concelleira de cultura M^a Xesús López Mourón, remitía unha nova misiva requirindo a mesma documentación que na vez anterior.

Fontes da empresa PTC Escuela, que impartiu este curso en moitos outros Concellos Galegos e inclu-

so en institucións autonómicas, recoñeceron a Cerne que é a primeira vez que desde un Concello se lles solicita ese tipo de documentación, e que tamén é a primeira vez que se lle poñen trabas ao curso desde unha institución municipal.

Con todo isto, a directiva de ASETEM decidiu anular a realización do curso e devolver os cartos aos alumnos que xa tiñan a inscrición feita.

Segundo o presidente de ASETEM, José Antonio Rodríguez Álvarez, declarou ao respecto que "foi unha pena porque este curso pode evitar accidentes e incluso salvar vidas".

Os empresarios poden regularizar a situación dos inmigrantes

Aberto o prazo de regularización ata o 7 de maio

Redacción
Melide

Desde o pasado 7 de febreiro, e ata o 7 de maio, existe para os empresarios interesados un procedemento extraordinario que permite a contratación de inmigrantes, que non sexan dun país membro da Unión Europea e que se atopen en España sen permiso de traballo e residencia. O obxectivo deste programa é o de legalizar a situación dos estranxeiros mediante a sinatura dun contrato de traballo.

A lexislación reguladora deste proceso é a do Real Decreto 2393/2004 de 30 de decembro (publicada no BOE do 7 de xaneiro de 2005), e a da Orde do Ministerio da Presidencia 140/2005 (publicada no BOE do 3 de febreiro).

Alguns dos requisitos a cumprir

A) O traballador debe estar empadroadado en España polo menos desde o 7 de agosto de 2004.

B) O empresario que desexe regularizar a un traballador debe asinar un contrato de traballo. Éste debe cumprir a normativa que lle sexa aplicable, pero vale calquera tipo de contrato cun prazo mínimo de vixencia de seis meses (excepto no sector agrario que poderá ser dun trimestre). Ademais, o traballador deberá ter a titulación ou a capacidade que no seu caso se poidan existir para o desenvolvemento da profesión, cando for necesario.

C) A empresa ten que estar inscrita no correspondente réxime da Seguridade

Social e ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias.

D) Os traballadores non poden ter antecedentes penais en España nin nos países de residencia dos últimos cinco anos, por delitos tipificados no ordenamento xurídico español.

Con todo isto, para a provincia de A Coruña presentaráse a documentación requirida (publicada na máxina web do Ministerio de Traballo: www.mtas.es) no Instituto Social da Marina (A Coruña).

Por outra parte, o Ministerio advirte que cando o prazo finalice levaráanse a cabo inspeccións masivas para comprobar a situación na que se atopan as empresas.

Subvencións e axudas de interese

-Programa da Xunta de Galicia de dinamización do emprego feminino e xuvenil no rural galego, coa finalidade de xerar emprego, preferentemente de mulleres e xóvenes, a través de apoios ás novas iniciativas empresariais nos municipios rurais de Galicia, promovendo o seu desenvolvemento económico. (DOG nº 58 de 28 de marzo).

-Axudas do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica) para os programas de apoio á continuidade e mellora competitiva da PEME galega. (DOG nº 58 de 28 de marzo).

-O IGAPE aproba a nova regulamentación das bases reguladoras de axudas para proxectos empresariais de investimento. Trátase dun conxunto de actuacións destinadas a proxectos que, superando con carácter xeral os 600.000 euros de investimento subvencionable, supoñan a creación, ampliación ou modernización das empresas e favorezcan o incremento do emprego. (DOG nº 58 de 28 de marzo).

-O Plan de Mellora da Competitividade para o Comercio Galego (da Xunta de Galicia) convoca, para 2005, axudas en réxime de concorrencia competitiva para a modernización de comercios situados en zonas rurais da Comunidade Autónoma galega. (DOG nº 59 de 29 de marzo).

Opinión

Puido ser...

EMILIO ARES RICO

Puido ser a mellor actividade lúdica comercial de promoción da nosa comarca sen que o Concello gastase nin un céntimo. Puido ser o centro europeo do motor durante nove días. Puido ser a realidade pragmática de futuros investimentos en pistas automobilísticas e compoñentes do motor. Puido ser a rendibilidade turística y de ocio de maior satisfacción nun período de tempo corto, nove días nos que o Pazo de Congressos tería unha exposición con compra-venta das mellores marcas de automóviles, os seus prototipos e os seus vehículos de quilómetro cero. Todo este complexo que albergaría a zona do Pazo de Congressos, a feira e rúas adxacentes sería valado para, así, poder cobrar unha pequena entrada para visitar todos os eventos.

Puido ser que nas fincas colindantes houbera motocross ou karts, pagando entrada os adultos. Puido ser que durante o Luns, Martes e Mércores Santo, houbera campionatos de ordenador para escolares dos xogos de Fernando Alonso no Multiusos. Puido ser que tamén houbera probas de motos e coches en máquinas recreativas. Puido ser que o Sábado Santo tivésemos unha atracción estelar como Jarabe de Palo cobrando entrada no Polideportivo do Instituto. Puido ser que tivéramos unha proba puntuable para o campionato galego de rally coa subida ao Bocelo. Puido ser, e perdemos, a proba de karts que se celebrou en Meira (Lugo) para o campionato galego. Perdemos, e non poido ser, a final dos coches teledirixidos, que se celebraría nun polideportivo, pero tivo lugar en Culleredo.

Puido ser, e foi realidade, a primeira ruta de quads e motos da comarca de Melide. Para esta proba, ASETEM non precisaba permiso municipal ningún e por iso puido levala a cabo.

Para o resto do que puido ser e non foi, necesitabamos permisos municipais que empezamos a pedir desde setembro de 2004. Para non concedernos a solicitude de ocupar esos días o Pazo de Congressos, inauguraron o I Salón do Automóvil, con exposición só o Domingo de Ramos, e o resto da semana alugaron o Pavillón a unha empresa foránea que montou un percorrido de karts e outro de coches de choque cobrando e dando unha imaxe nada desexosa, posto que o ambiente que alí reinaba era de desolación total.

E todo a cambio de que ASETEM non desenvolvese a I Feira Exposición Euromotor Melide, sabendo que a única molestia que facíamos ao Concello era a de cedernos o persoal necesario, o compromiso de regulación e a invitación ás autoridades para la inauguración, acompañando ao Señor Conselleiro de Industria e ao Señor Presidente e Vicepresidente da Deputación.

Non puido ser. Non nos extraña que diminúa o censo de poboación, non nos importa que o Concello estea hipotecado. O sufrimento continuo fainos impasivos ante a enfermidade, e todo porque en Melide empeza a haber empresarios que desexan romper co obscurantismo político existente, buscando alternativas positivas para a nosa vila e demostrando que, a través do amor propio e sen ánimo de lucro, pódense realizar eventos con beneficio e imaxe positiva.

Curuxás organiza un visionado de cinema gratuïto

Durante tres noites de venres, proxectaránse películas en pantalla grande no local de ASETEM

Redacción
Melide

A primeira proxección vai ser na noite do venres 15 de abril, arredor das 23 horas. O clásico de 1982, Blade Runner, dirixido por Ridley Scott, abre este pequeno ciclo. Un xoven Harrison Ford acompañado por Daryl Hannah e Sean Young interpretan unha historia de robots ambientada nun futuro agora non tan lonxano (Los Ángeles, 2019).

O venres seguinte, 22 de abril, proxéctase Touro Salvaxe, do sempre polémico director estadounidense Martin Scorsese. A historia dun boxeador con complexos psicolóxicos e sexuais que o levan a manifestar a súa agresivi-



Blade Runner abre o ciclo o venres 15 de abril

dade tanto dentro coma fora do ring.

Por último, o venres 29 poderemos ver Nove Reinas, filme cualificado polos críticos como “unha das mellores películas

arxentinas da historia”.

A asociación ecoloxista Curuxás invita a todos os interesados a ver con eles estas tres películas “con mensaxe” no local de ASETEM.

Melide acolleu unha exposición única sobre o Camiño de Santiago en Aveyron

Estudantes franceses escolleron a vila melidense para expor un traballo relacionado coa ruta xacobeana na rexión francesa de Midi-Pyrenées

Redacción
Melide

Un grupo de escolares franceses da área de xestión de empresas agrícolas, cría cabalar e turismo ecuestre pasaron unha semana de vacacións en Galicia e escolleron Melide para expor unha interesante mostra. Trátase de paneis con imaxes e textos relacionados cos principais monumentos e paisaxes da zona pola discorre o Camiño de Santiago en Aveyron (pertencente á rexión de Midi-Pyrenées).

A mostra estivo no Edificio Multiusos da vila durante tres días, tralos que volveu a Francia cos



Por Aveyron pasan camiñantes procedentes de Suíza

estudantes que a trouxeron.

A idea deste grupo de mozos e mozas é a de pór de relevo “a relación existente entre dous lonxanos territorios europeos grazas

ao Camiño de Santiago”.

Os organizadores afirman que escolleron Melide “por ser un dos lugares máis emblemáticos do Camiño de Santiago en Galicia”.



Escolares da comarca deseñan a mascota da Biblioteca

O concurso culminará cunha festa o próximo 16 de maio



A biblioteca, no Edificio Multiusos, xa ten mascota

Redacción
Melide

A Biblioteca de Melide convoca un concurso de debuxo entre os estudantes de Primaria de toda a comarca (Santiso, Toques, Sobrado e Melide). Os máis habilidosos co deseño e coa imaxinación teñen a oportunidade de que a súa "obra" represente como mascota á Biblioteca Municipal da vila en todas as actividades.

Pero ademais, os tres mellores recibirán cadanseu premio:

O primeiro, unha cámara fotográfica.

O segundo, un lector de CD portátil.

E o terceiro, unha mochila con material escolar.

Para escoller os afortunados, faise durante este mes unha primeira selección dos mellores debuxos de cada colexio, un máximo de doce escollidos por un xurado elixido polo Centro Escolar correspon-

dente. Todos estes están expostos na Biblioteca durante o mes de abril.

O día 22 vai ter lugar o fallo do xurado, formado por un profesor de cada colexio, un profesor de debuxo, a concelleira de Cultura de Melide e, como secretaria, a bibliotecaria municipal. Eles deciden cál vai ser o debuxo gañador -que se converte automaticamente en mascota oficial da biblioteca- e cáles os dous finalistas.

Acto de presentación o 16 de maio

Ademais, para presentar publicamente o debuxo gañador e para celebrar a chegada dun novo icono oficial, o Concello de Melide organizará un acto público e unha festa o vindeiro 16 de maio, na que haberá títeres, teatro, e outras actividades lúdicas e culturais para todos os escolares dos colexios participantes.

Case 70 quads e motos participaron na I Xuntanza da Terra de Melide

Os organizadores, cos que colaborou ASETEM, quedaron satisfeitos co evento e proxectan repetilo pronto

Redacción
Melide

O pasado Venres Santo tiña lugar na comarca de Melide unha xuntanza de quads e motos de monte, a primeira que se celebra neste territorio.

Uns setenta participantes, déronse cita no Cantón de San Roque as nove e media da mañá para faceren xuntos un percorrido polos montes da Terra de Melide.

Afeccionados de Burela, Palas, Lalín, Curtis, Santiago e, por suposto, Melide dirixíronse en primeiro lugar ata Sobrado dos Monxes atravesando o monte Bocelo. Alí repostaron combustible, comeron uns bocadillos e emprenderon de novo a marcha; esta vez, cara a Brañas (Toques). Desde alí accederon á Serra do Careón e chegaron ao Parque Eólico, desde o que partiron de novo cara o Cantón de San Roque pasando polo Meire, o polígono da Madanela e as parroquias de Leboreiro e Furelos.

Unha vez na vila, foron invitados a comer no Hotel Carlos 96.

Unha II Xuntaza está próxima

A experiencia, organizada por uns 20 mozos da comarca afeccionados aos quads e ás motos de monte, foi satisfactoria aínda que, observan, "hai xente que non puido vir porque estaba de vacacións". Sen embargo, o éxito da convocatoria fai que os organizadores estean xa a preparar a próxima cita que, segundo afirmaron, será probablemente este mesmo ano.




Rúa Rocamador, 2
Tfno.: 981 50 51 64
Fax: 981 81 54 66
15.800 MELIDE (A Coruña)

ELECTRICA
FUCIÑOS RIVAS s.l.

A Semana Santa trae a Melide máis peregrinos que na totalidade dos dous meses anteriores

Un total de 393 camiñantes pasaron algunha noite da semana no albergue da vila

Redacción
Melide

Na semana do 21 ao 27 de marzo, un total de 393 peregrinos pernoctaron no albergue de Melide. É unha cifra significativa tendo en conta que durante todo o mes de xaneiro só durmiron na vila 62 camiñantes, e 295 en febreiro.

A ocupación na semana vacacional supuxo, á súa vez, o 45% do total das pernoctacións de marzo, que alcanzaron a cifra de 873 peregrinos, segundo datos da Consellería de Cultura.

Estas cifras, sen embargo, nada teñen que ver coas do pasado ano 2004, Ano Santo Compostelano. No mes de abril dese ano, dentro do que se encadrou



O albergue de Melide acolleu durante o mes de marzo a 873 peregrinos

a Semana Santa, foron durmiron en Melide, é este ano.

2.487 os peregrinos que dicir, uns 1.600 máis que Por outra parte, se compa-

ramos as cifras deste ano coas de 2003 (último ano non Xacobeo), os resultados tampouco son notables. No total dos albergues do Camiño Francés, houbo este mes de marzo 11.368 pernoctacións. Sen embargo, en abril de 2003 (mes de Semana Santa), houbo 5.647 máis.

Por outra parte, dentro dos albergues da ruta francesa, foi o de Arca o que máis nivel de ocupación rexistrou nestes tres primeiros meses do ano. 1.579 peregrinos durmiron nesta localidade; 349 máis que en Melide, onde pasaron a noite 1.230 persoas. En Arzúa, aínda que en Semana Santa houbo máis pernoctacións, na cifra total do trimestre empata con Melide.

Cultura achega a Melide case 21.000 euros para o Camiño de Santiago

Co obxecto de recuperar o patrimonio do Camiño Francés, a Consellería de Pérez Varela vai investir un total de case 300.000 euros, a razón de 1.906 euros por quilómetro

Redacción
Melide

O conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, asinou o pasado 22 de marzo cos alcaldes dos concellos do Camiño Francés, un convenio para a limpeza e mantemento desta ruta. Este ano, a Consellería vai achegar un total de 298.287 euros, dos que a cada Concello vai corresponder unha cantidade proporcional ao seu número de quilómetros de Camiño. No caso de Melide, que ten once quilómetros de ruta, a razón de 1.906 euros por cada un, fan un total de 20.965 euros.

Trátase dun plan pluri-



O obxectivo da financiación e preservar as características naturais da ruta

nual da Xunta de Galicia, que comezou en 1998, e que ten vixencia, polo momento, ata 2009. Neste periodo están previstas 37 actuacións ao longo de once Concellos da ruta francesa, co obxectivo, segundo a Consellería, de “preservar a arquitectura tradicional que se conserva e potenciala, mantendo o carácter e identidade do Camiño de Santiago”.

Dentro dos once Concellos beneficiados, os que recibirán partidas maiores son Samos e O Pino (con 20 e 18 km de Camiño respectivamente), e as de menor cuantía serán para Monterroso e Paradela (con 5,5 e 7 km).

A ponte de Loño-Beigondo, amais da estrada Vila de Cruces-Melide e a autovía Lugo-Santiago

XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS GÓMEZ

No ano 1976, Leopoldo López Rego (avogado do pobo asoballado da nosa Galiza en varias reivindicacións "xustas" populares), Xosé Inacio Parrado Garea, e o que asina, fomos á parroquia de Santa Margarida de Loño (Vila de Cruces-Pontevedra) a entrevistámonos co crego párroco de Loño, D. Xosé Souto Míguez, coa fin de reiniciar a loita pola débeda (obriga da denantes empresa hidroeléctrica Moncabril, en creba pola routura da Presa de Ribadelago -Zamora finais dos cincuenta-) da construción da ponte Loño-Beigondo. Pasaron dende o setenta e seis, cáseque trinta anos e aínda estamos a agardar. Daquela constituíronse dez Comisións Parroquiais con viciños afectados polo encoro de Portodemouros, que se

xuntaron moitas veces e protagonizaron, xunto cos demais viciños e simpaticantes da Galiza, unha xusta reivindicación (partidos políticos, sindicatos, asociacións veciñais e culturais, artistas, etc.), realizándose diversas concentracións e manifestacións (unha delas en Lalín para liberar os detidos), dúas "Festas Populares da Montaña", a edición do Voceiro da Montaña "O Trebón (do que xa falarei noutra traballado), etc. Algúns alcaldes actuais e concelleiros estiveron naquelas Comisións. Todo isto é pasado, historia, pero hai que lembralo porque varios políticos, actualmente en acción, fuxiron da reivindicación da ponte (¿por que?), e outros altos cargos que foron dos Concellos e da Xunta, e algúns aínda o son, non moveron unha palla a prol desta xusta

reivindicación e dereito. Compre lembrar con door a triste perda de cinco mozos afogados ao dar volta unha barquiña, de regreso da festa de Beigondo, aló polo 1972, sendo todos eles de Loño. Daquela, a Administración Central deu as costas á xusta reivindicación da ponte, e posteriormente a Xunta de Galicia. A Administración Central do Estado (época da transición), falaba dunha alternativa á ponte ampliando co bo firme e infraestruturas a estrada Vila de Cruces-Arzúa pola mesma presa do encoro, aínda levada a bo termo hai pouco tempo, e outro vial, o de Vila de Cruces-Melide pola cola do encoro, pasando por Brocos e Belmil. Ésta está, aínda, en panos menores. A Gran Bisbarra do Deza (á que lle desexo millor

futuro en tódolas ordes: porvir, industrialización, infraestruturas, etc), está xa moi ben vertebrada en infraestruturas viais (a derradeira, a de Agolada-Rodeiro). Agora tócanos ós que aínda non o estamos, e estou a falar das Bisbarras Terra de Melide, Arzúa, Ulloa, e outras. A estrada, ben axeitada, Vila de Cruces-Melide por Brocos, cun xuntoiro coa Autovía Lugo-Santiago, mesmo á beira de Melide e a carón do seu polígono industrial. Deste xeito si que se será xusto coa Terra de Melide. E remato, non sen antes lembrarme, outra volta, dos compañeiros de todas as Comisións Parroquiais da Loita pola Ponte Loño-Beigondo, DESEXANDO e REIVINDICANDO para a Terra de Melide a PONTE LOÑO-BEIGONDO (agora que está o encoro baixo é máis doada

de facer?), a estrada VILA DE CRUCES-MELIDE (por Brocos), e a AUTOVÍA LUGO-SANTIAGO perto de Melide, a carón do polígono. E que o PORNA (Plan de Ordenación de Recursos Naturais) sexa favorábel para o Concello de Melide, para que estas reivindicacións poidan ser reais. E tamén, aumento da tonelaxe do Ferri a quince toneladas. ¿E sabían vostedes que o Ferrocarril Central Galego, pasando por Santiso, foi reivindicado con alegacións da Ditadura de Primo de Rivera, en 1927, por parte de Melide? Cómpre saber de todo, e PARA SABER A ONDE IMOS, TEMOS QUE SABER DE ONDE VIMOS.

Pasquín das Comisións Parroquiais repartido en 1976 por Vila de Cruces, Agolada, Arzúa e Melide

LOÑO QUERE A PONTE

A parroquia de LOÑO, pertence ao axuntamento de Vila de Cruces (Pontevedra). A resultas de facer o Salto de Portodemouros (Arzúa), as súas terras quedaron anegadas e os seus veciños aislados, como paxaros nunha xaula. Cando BEIGONDO estaba antes a metros, hoxe está a 30 Km., xa que hai que arrodear o embalse. Os de LOÑO teñen terras en BEIGONDO e viceversa, terras que están a monte, xa que lles é imposible traballalas. Denates de facer o Salto, as súas relacións económicas e sociais, facíaas con Santiso, Melide e Arzúa. Hoxe non teñen máis remedio que ir a Vila de Cruces, e por certo, non moi contentos. Moncabril, S.A., empresa que fixo o Salto, prometéulles unha ponte, pro pasaron máis de dez anos e non se sabe nada dela. Hoxe o Salto é de Fenosa, empresa que contraeu os dereitos e obrigacións da anterior empresa, Moncabril, e que polo tanto ten o deber de facer a PONTE. Pro non, quere aforrar, e quérelles poñer o servicio dunha barcaza, pro que escomenzaron a facer unhas rampas de atraque, peligrosísimas; todo isto sin contar cos veciños que son os verdadeiramente afectados. Ademais iste servicio non lles soluciona nada. Aínda temos o triste recordo da morte de 5 mozos, afogados o volcar a barca, cando regresaban de BEIGONDO, desgracia que non ocurriría si a PONTE estivera feita. Os de LOÑO QUEREN A PONTE, teñen dereito a ela e elles de vital impotancia. 5 vidas humanas pagáronna xa en demasía.

Antre todos temos que axudalos a conseguila.

O humor de onte



Viñetas de E. Padín, nas portadas da primeira época do xornal Vida Gallega (agosto de 1958).

Fáleme para que o entenda...

VANESSA MARTÍNEZ IGLESIAS

É certo que o hábito non fai ao monxe, pero moitas veces, no medio no que vivimos, parece que a garabata si fai ao inaccesible, ao listo.

O máis claro exemplo deste estraño fenómeno son as -supostas- oficinas de atención ao público: é case imposible atopar unha solución á pregunta que formulamos nestes locais. Claro que, a situación vírase cada vez máis triste cando o demandante da información é unha persoa xa non nova, que vai a que lle expliquen algo que non sabe. Punto imposible. Os e as de garabata hanse encargar con moito tino de que o idioma que se dispensa ao outro lado do mostrador non sexa o mesmo ca o do demandante. Xa non se

trata dunha cuestión de lingua (galego-castelán), que tamén, senón que son sobre todo as formas e as intencións as que delatan as poucas ganas que temos de entendernos uns con outros e, sobre todo, de facerlles aos demais a vida algo máis doada.

Cando un vello vai a unha xestoría, a un banco ou a unha extensión agraria -poño por caso-, halle sobrar quen lle fale de "balances", "contías", "importes", e todas esas palabras que teñen uns sinónimos moito máis asequibles e que, sobre todo, resultan máis comprensibles para quen as solicita. Pero parece que ata coas palabras se queren erguer muros que separen ao labrego do traxeado, ao que sabe de papeis do que

non os manexou nunca. Parece que a intelixencia e a valía profesional dos que teñen que traballar cada día coa palabra se mide polo número de termos técnicos e inaccesibles que se empregan, cando a realidade pídenos que sexa xusto ao contrario. O gran profesional é o que sabe explicarlle a un vello a que se adica un enxeñeiro de comunicacións, ou o que lle fai entender que hai uns anaquiños de plástico que, ao metelos nunhas máquinas que hai na rúa bótanche cartos para fóra. Será que durante moito tempo non nos deron a oportunidade de estar desoutro lado dos mostradores, e agora que a temos non sabemos moiben a quen queremos representar.

Mundo Misterioso O vudú

ÁNGEL CURTIS

A soa pronunciación da palabra "vudú", evócanos espeluznantes imaxes de mortos que andan, ceras con alfinetes cravados, ritos estraños, etc. Pero o "vudú" é algo máis que maldade ou sinxela maxia negra.

O vudú foi levado a EEUU por escravos de Haití, alí entrou en contacto coa relixión católica dos propietarios de escravos, deste modo absorveu moitas complexidades do catolicismo sen perder a súa tradición pagana. Como en todos os ritos, o vudú ten as súas divinidades que, neste caso, están presididas por Legba. As ceremonias de vudú teñen lugar un sábado pola noite. O lugar onde se celebran, é un templo na selva haitiana. O ceremonial iníciase un "sumo sacerdote" (home ou muller) con oracións e conxuros, vai debuxando no chan símbolos máxicos apropiados para a divindade que se desexa invocar esa noite.

Os fieles empezan a cantar e bailar, e a medida que medra o frenesí, ofrécense sacrificios, xeralmente de polos ou cabritos. Tense comprobado que este frenesí provoca unha descarga de adrenalina moi superior ao normal. Se todo vai ben, chegará o momento no que algúns fieles veránse poseídos polo espírito. Estos posesos retórcense sen se poder dominar, falan con voces

estrañas, e ao final acaban por caer ao chan. Éste é o sinal de que o espírito invocado concedeu as peticións dos fieles.

Pero é a parte máis escura do vudú a que se fixo máis popular no mundo, porque este sistema de crenzas baseado no medo, ten aspectos tenebrosos. Certas sociedades secretas do vudú, chamadas sectas vermellas non son alleas á práctica do asasinato ritual, o canibalismo e a maxia negra. Dise que o dictador haitiano François Duvalier (Papa Doc), recorreu a esta cara oculta do vudú para manter o seu dominio sobre algúns estratos da sociedade haitiana. A Duvalier, algúns o consideraban "sumo sacerdote" por dereito propio, éste chamaba á súa terrible policía secreta "Ltonton Macoutes", que significa: magos itinerantes.

Pero, ¿ten efectos reais esta práctica?. Si, tenos, xa que o crente nestas prácticas pode, se se cre vítima dunha maldición, facerse a si mesmo morrer de medo. O show autoinducido que paraliza a circulación, e que fai que os órganos vitais deixen de funcionar (faltos de osíxeno) pode ser provocado polo terrible poder da imaxinación.

Convén evitar o achegamento a calquera práctica deste tipo.

O Melide de onte



Rapaces e rapazas da catequese nos anos trinta, co crego coadxuntor de Melide Don Isidro Fuciños Quintás. Están no pórtico da eirexa de San Pedro de Melide (século XII), desgraciadamente desaparecida.
Arquivo Irmáns Fuciños Gómez. Casa de Pita.

ÁNGEL CURTIS

CONOCE TU FUTURO
"AYÚDATE"

MEJORA TU VIDA

CONSULTA PREVIA CITA

TELF: 677 670 051

E-mail: angel.curtis@yahoo.com

www.angelcurtis.com

Teléfonos de interese

URXENCIAS	
UrxenciasSanitarias.....061	
Bombeiros.....080	Consevatorio
Incencios Forestais.....085	981507100
	Polideportivo
	981507752
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Centro Social da 3ª Idade
Melide.....981505003	981505706
Policía Nacional.....091	
Garda Civil	
Urxencias.....062	Parada de Taxis
Melide.....981505007	981505390
S.O.S	
S.O.S Galicia.....112	Albergue Xuvenil
Protec.Civil.....670498848	981507412
	Albergue do Peregrino
	660396822
	Centro Ocupacional
	981505003
	A.S.E.T.E.M
	981506188
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Fundación Terra de Melide
A Coruña	981507244
Santiago	
Autobuses	
A Coruña.....981239099	I.E.S. de Melide
Santiago.....981542416	981505162
Melide.....981505204	C.E.I.P nº1.....981505238
	C.E.I.P nº2.....981505929
	Gardería.....981505003
Aeropostos	
A Coruña.....981187200	
Santiago.....981547500	
Vigo.....986268200	
SANTISO	
	Casa do Concello
	981818501
	Centro de Saúde
	Agrochao.....981517803
	Visantoña.....981510749
	Xulgado de Paz
	981 818501
SOBRADO	
	Casa do Concello
	981787508
	Desenvolvemento local
	981787508
	Centro de Saúde
	981787744
	Mosteiro de Sobrado
	981787509
	Xulgado de Paz
	981787508
TOQUES	
	Casa do Concello
	981505826
	Centro de Saúde
	981507301
	Xulgado de Paz
	981505826
MELIDE	
Casa do Concello	
	981505003
Centro de Saúde	
	981506176
Servizos Sociais	
	981505012

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á	Domingos e festivos:
Cafetería Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25,
19.00	20.50, 21.50 (só venres
MELIDE - FERROL	lectivos)
De luns a venres:	Sábados:
Non hai liña	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Sábados:	19.25
19.15	Domingos e festivos:
Domingos e Festivos:	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
19.15	20.50
Parada fronte á	Parada fronte ao antigo
Cafetería Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15
De luns a venres:	e 11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á	(Fondevila-Folladela)
Cafetería Marta	Martes e venres labo-
OURENSE - MELIDE	rables:
De luns a venres:	Saída de Folladela: 8.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Saída de Melide: 12.30
Sábados:	Domingos excepto último
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	de mes:
19,15	Saída de Folladela: 8.40
Domingos e Festivos:	Saída de Melide 13.00
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Último domingo de mes:
21.00	Saída de Folladela: 8.30
	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00

Horarios aproximados que poden variar ao longo do ano.

Actos

ABRIL
VENRES 15
Proxección da película Blade Runner, ás 22.30 horas, en ASETEM.
LUNS 18
Comezo do curso de Organización Comercial e Técnicas de Venda, ás 20.30 horas, en ASETEM.
VENRES 22
Celebración do Día do Libro na Biblioteca Pública de Melide.
Proxección da película Touro Salvaxe, ás 22.30 horas, en ASETEM.
VENRES 29
Proxección da película Nove Reinas, ás 22.30 horas, en ASETEM.
MAIO
Durante todo o mes, o Concello de Melide recolle calquera achega, suxerencia, idea ou proxecto relacionado coa elaboración do PXOM, tanto de colectivos como de particulares.
DOMINGO 1
Día do Traballador
SÁBADO 7
Fin do prazo para a regularización de inmigrantes por parte das empresas interesadas en contratalos.
LUNS 16
Acto público de presentación da nova mascota da Biblioteca Municipal, elaborada por alumnos de primaria de toda a comarca.

Jesús Ferreiro ten unha empresa de compra-venda de coches usados e é tamén piloto de rally

O mundo do motor é a súa maior afección e agora é ademais o seu traballo

O campionato galego de rally acaba de empezar e Ferreiro está xa primeiro na súa categoría. O rally do cocido, en Lalín, déuselle moi ben e animouno a seguir adiante para intentar conseguir o campionato unha vez máis. A próxima cita, o 21 e 22 de maio en Cambados.

Pero este tricampión galego na súa categoría é tamén un empresario de gama alta. Desde hai dez anos, "Automóviles Motor Melide" gaña clientes día a día. Actualmente, o negocio está no parque empresarial da Madanela, con todo o que isto supón...

Redacción
Melide

A VENDA

¿Como decidiche montar un negocio deste tipo en Melide?

A min sempre me gustou moito o mundo do automóbil. Con 18 anos empecei a traballar nun concesionario de Alfa Romeo en Santiago, onde estiven case cinco anos. Despois estiven outro ano e medio en Seat-Audi-Volkswagen, e ao final decidínme.

¿Porqué coche usado e non novo?

Para montar un negocio de coche novo eran necesarias unhas instalacións para reparar...era moi complicado. Ademais, co coche usado traballas máis ao teu aire, non tes unha marca por detrás que che impón o que hai que vender este mes, como hai que vendelo...

¿Como está a funcionar?

A verdade é que funciona. O coche de ocasión ten o seu mercado. Eu creo que en todas partes hai os típicos clientes de coche novo e os típicos de coche usado.

¿Cales son os clientes do coche usado?

Eu penso que hai tres tipos. Primeiro, a xente nova, que normalmente é compradora de coche usado. Segundo, a xente que non ten medios para comprar coche novo. E terceiro, hai xente moi realista e bastante intelixente que ve que comprar un coche novo para que aos tres anos pase de moda e non sei qué..., pois colle e cómprao usado.



Jesús Ferreiro foi campión de rally na súa categoría en 1994, 2000 e 2002

¿É rendible comprar un coche usado?

Depende do uso que se lle vaia a dar. Se ti o vas gastar, vas andar moito, tes un choio que che esixe quilómetros de estrada, pois está ben un coche novo porque lle vas sacar rendemento. Pero hai xente que fai ao mellor 10.000 quilómetros ao ano. Ese coche, dentro de oito anos, está desfásado pero está novo. E valo cambiar porque a túa veciña ou a túa amiga o cambiou, etc. Nestes casos, o mellor é comprar un coche usado porque aforras uns cartos, tes o servizo igual e podes cambiar de coche máis a miúdo.

¿Aforrase moito?

Si, hai un aforro grande, na gama alta sobre todo, pero nun coche normal aforrase da orde dun 40%, que eu considero que é bastante.

A COMPRA

¿Quénes son os provedores: empresas ou particulares?

Empresas, traballamos única e exclusivamente con profesionais. Nunha casa tes unha certa garantía de que o coche non vai ter ningún problema, nin de embargos, nin de sancións, nin de nada. Se compras a particulares e tes algún problema coa documentación, o único que tes do vendedor é un número de móvil, ao que mañá chamas e xa non está operativo. Para min é un risco e, por iso, compro todo a profesionais.

¿Tes coches de gama alta?

Home, eu a gama alta non a traballo moito porque aquí non hai un mercado suficiente. Aquí véndense ao mellor catro Mercedes

ao ano.

¿E como funcionan as novas marcas extranxeiras que son máis económicas?

Pois normalíño. A xente prefere comprar un coche dos mesmos cartos e en peor estado, pero coñecido, que non un Daewoo, por exemplo. De feito, atévome a dicir que ninca tiven ningún.

O POLÍGONO

¿Desde cando estás no Polígono Industrial?

Desde o ano 2001

¿E como está a situación?

Pois non está moi ben. Eu creo que hai unha deixadez bastante importante. Hai que miralo como o motor industrial que ten que ser un polígono, e debíase estar máis pendente del en todos os sentidos.

Mellores servizos, proxección, a segunda fase xa tiña que estar rematada... E as cousas fanse, sobre todo, cando hai presións. Estivemos sen luz case un mes e a min díxéronme que era porque algún estaba a roubar corrente do alumado público. Pero a min non me importa iso. Eu o que quero é un alumado público que funcione no polígono. ¿Que hai un problema? Pois terá que solucionalo Fenosa ou quen sexa, pero non pode ser motivo para non ter alumado público.

Se houbese xente no Concello que tivese aquí empresas e estivese empeñado ata as orellas, ao mellor outro galo cantaría. Agora tamén hai as guerrillas entre a Asociación de Empresarios e o Concello, que están a tirarse pedras, pero eu creo que solucións poucas...

O RALLY

¿Como che foi en Lalín?

Foi mellor imposible. Gañei un tramo e quedei primeiro da categoría X e cuarto da xeral.

¿Que é o rally para ti?

O rally é un deporte apaixonante, unha descarga de adrenalina moi forte. Pero e verdade é que se descoñece un pouco. Moita xente e incluso institucións relacionan rally con accidentes e mortes, e non é así. Eu levo 14 anos correndo e non acordo ningún incidente grave. Ademais, é un deporte que move moitísima xente. Este ano en Lalín faláron de 50.000 persoas, era algo impresionante.

Faite oír
con nosa voz

Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 5. 15 de abril - 15 de maio de 2005. Distribución gratuita.



Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158

